

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, como paso previo ao seu libro branco, presentou onte un informe que detalla cuantitativamente a realidade das autoras e autores. Malia a calidade da produción e a súa abundancia, coa forza do colectivo como un dos alicerces fundamentais de resistencia, o sector acusa unha ausencia de profesionalización que se manifesta en múltiples aspectos e que contrasta con perfís de longa traxectoria. A masculinización do eido apunta a matizarse co incremento de creadoras na última década, maioritarias nas capas de menor idade.

Texto Irene Pin @serfaiscas + Foto Arxina

Nos tres últimos anos publicáronse obras de case oito de cada dez autoras e autores.

A AELG prepara un libro branco das autoras e autores

A escrita en datos: abundancia sen profesionalizar

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) está a traballar na elaboración dun libro branco, un documento orientativo para as autoras e autores do que é parte imprescindible o informe que a entidade fixo público onte, unha "radiografía o máis detallada posible" da situación na que se atopa este colectivo. Parte dunha enquisa realizada a 30% das persoas socias, que se complementou con entrevistas en profundidade e á que se sumarán en breve dous informes xurídicos.

Colectivo masculinizado e sen profesionalizar

Os datos revelan que se trata dun colectivo masculinizado, xa que 63% son homes, 35% mulleres e tan só 2% se recoñecen como outras identidades de xénero. A media de idade rolda os 54 anos, apuntando certo envellecemento cun quinto da base societaria por riba dos 65 anos,

se ben eles teñen maior proporción en idade avanzada que elas. No que atinxe a formación, en nove de cada dez casos contan cunha titulación universitaria. Este escritor promedio apunta un perfil "xa establecido, pero que non é quen de vivir exclusivamente da súa escrita".

Trátase, polo tanto, dun grupo maioritariamente non profesionalizado e "pauperizado". Tan só 17% das escritoras e escritores teñen dedicación exclusiva. No resto dos casos compaxinan esta actividade con outras ocupacións laborais, entre as que destaca a docencia (36%), máis frecuente entre as mulleres, xunto ao emprego público (10%), no que a porcentaxe de homes duplica a de donas. Aliás, é habitual que desempeñen dentro outras actividades do mundo literario, concretamente tradución (50%) e edición ou crítica (máis de 40%).

O máis estendido é o traballo por conta allea. Só 12% tributa por conta propia e apenas 5% afirma estar de alta como au-



UNHA DE CADA TRES PERSOAS DI QUE ADOITA ENTREGAR A OBRA SEN ASINAR UN CONTRATO

tónomo, en categorías diversas -desde "Pintores, Escultores, Ceramistas e Artesáns" a "Actividades do cine, teatro e circo"-, pois non existe un epígrafe específico para a escrita, unha das demandas da AELG.

A proporción das que conseguen vivir da literatura é moi escasa debido, entre outras razóns, aos mínimos ingresos dos dereitos de autoría. Máis da metade de autoras e autores recibiron por este concepto, no último ano analizado, menos de 1.000 euros, e para 72% isto

supón menos de 10% dos seus ingresos anuais.

Mercado editorial

A falta de profesionalización refléctese no mercado editorial en aspectos como a ausencia de figuras como a da axente literaria, practicamente inexistente: 89% das autoras nunca a tivo e, aínda que á maioría non lle interesa, 22% afirman non atopar na Galiza. Isto implica maioritariamente un trato directo coas editoriais, variando entre unha media de seis por persoa, se ben tende a reducirse, na última década, a 4, con preto de 44% en só dúas ou unha. Os selos máis recorridos son Galaxia e Xerais.

Algo máis da metade aseguran escoller a editorial, aínda que case 22% indica ter publicado nunha por ser "a única que se ofreceu". Curiosamente, até un quinto das enquisadas enviaron algunha vez orixinais ás editoriais sen recibir resposta, fronte á metade que afirma ver publicadas todas as obras enviadas. Destacan ade-



NA ÚLTIMA DÉCADA A MEDIA DE LIBROS ASINADOS POR MULLERES CASE DUPLICA A DOS VARÓNS

case duplica a dos varóns (11 e 6, respectivamente).

Porén, a idade media de comezo é por volta dos 36 anos. A AELG chama a atención sobre este dato, pois ben "as escritoras e escritores comezaron tarde", ou ben "na autorreflexión sobre os seus comezos [...] están a considerar algún fito formal". Apúntase, aliás, como principal necesidade facilitar un acceso máis temperán á publicación e "tratar de desenvolver algún tipo de recurso institucional de apoio" nesta liña, en forma de "bolsas ou outro tipo de financiamento". A entidade considera estratéxico o apoio aos novos talentos, o incremento de actividade nas redes sociais e, en xeral, a modernización da asociación para atraer a mocidade.

E é que o tempo vese moi limitado polo desenvolvemento de outras ocupacións. Así, só 30% escriben de maneira regular, quer a xornada completa quer con menor intensidade. As escritoras declaran en maior proporción dedicación esporádica, que o informe atribúe á súa "menor idade" e falta de estabilidade. Malia que as horas de traballo se tenden a considerar un indicativo da profesionalidade e do éxito, o estudo conclúe que "non hai unha relación directa" co volume de publicacións, polo que o tempo non se considera "un impedimento ou obstáculo", mais si "un elemento de insatisfacción xeral".

As autoras e autores tenden a cultivar diferentes xéneros literarios (só 21% se cinguen a un único), coa narrativa como o máis habitual (70% publicaron algunha obra) e con maior proporción "en exclusiva" (16%). A poesía sitúase no segundo posto, con 48% publicando en verso algunha vez, mentres a novela gráfica é o que menos achegas rexistra. Se ben o informe conclúe que "a literatura en galego

se move sobre todo grazas á narrativa", entende que "é difícil establecer" se isto se debe "aos intereses propios da comunidade lectora galega ou se é parte dunha decisión 'profesional' das escritoras e escritores ou da propia industria".

Por outra banda, apuntando cara á internacionalización, 70% teñen obras traducidas a outros idiomas, mais estímase que se traducen menos de 20% das publicadas, a maioría ao castelán (45%), seguido polo catalán (19%), o inglés (18%) e, en menor medida, o portugués (14%).

Falta apoio institucional

Non é habitual contar con subvencións ou axudas á publicación. En xeral, hai unha valoración "moi crítica co apoio á escritura en galego por parte das institucións públicas, fundamentalmente coa Xunta", así como a percepción de "censuras ou censuras veladas". Aínda que ningunha é valorada positivamente pola maioría, son as deputacións as que gozan de mellor imaxe.

Catro de cada dez escritores e escritoras consideran inexistente o apoio ou a promoción da literatura en galego na televisión. A Radio Galega está algo mellor valorada, mais só 11% considera "alto" o seu labor de promoción. As librerías vense máis positivamente, aínda que tamén con marxe de mellora. Hai unha percepción unánime da difusión como escasa e sempre de autores e autoras xa "consagrados", especialmente polas publicacións en castelán.

O papel da crítica non é "todo o bo que sería recomendábel", segundo recolle o informe, adxectivada como "pouco construtiva e endogámica". Nas entrevistas xorde con recorrencia a consideración deste axente como "promoción camuflada", algo valorado negativamente pola falta da necesaria retroalimentación para mellorar no oficio e, ademais, "a comunidade non conta cun criterio na procura das súas lecturas".

A AELG está ben considerada no seu papel na defensa dos intereses das escritoras e escritores, mais tamén hai tiróns de orellas. Bótase en falta maior asistencia ou asesoramento legal, así como máis presenza nos medios. Igualmente, demandan táboas orientativas de tarifas nese libro branco, non só para o labor literario senón para actividades relacionadas.

mais as publicacións por medio de certames (18%) e o baixo nivel de obras por encomenda (5%).

Aínda que a satisfacción co traballo editorial é elevada, sobre todo no relacionado coa realización material do libro, non o son tanto as condicións económicas ou a publicidade e promoción. Unha de cada tres persoas afirma que adoita entregar a obra sen asinar un contrato, con tres cuartos do total asegurando ter feito isto nalgunha ocasión. Aliás, máis dunha cuarta parte tiveron que reclamar este acordo algunha vez ao non llo propor a empresa. Os contratos, en xeral, recollen os principais aspectos a ter en conta, mais a remuneración e os anticipos son as cuestións que aparecen con menor frecuencia: máis dun terzo escriben sen adianto. Outro aspecto pouco incorporado nas cláusulas é o tipo de distribución.

Froito destas e doutras cuestións aparece unha relativa conflictividade coas editoriais: case a metade do colectivo (45%) tivo algunha vez problemas ou diver-

17%

Das escritoras e escritores teñen dedicación exclusiva.

45%

Case a metade do colectivo algunha vez problemas ou diverxencias coas editoriais, fronte ás que 27% non fixo nada.

70%

Das autoras e autores teñen obras traducidas a outros idiomas, mais estímase que isto supón menos de 20% das publicadas.

xencias, fronte ás que 27% non fixo nada. Só 18% presentou reclamacións e un mínimo 4% emprendeu accións legais. Malia a xeral boa percepción, a autopublicación, aínda pouco estendida, está a medrar: dúas de cada tres obras desta sorte proceden dos últimos dez anos. A principal razón para transitar esta vía é "o control sobre todo o proceso" (52%), ao que se suma a negativa de editoras "tradicionais".

Unha carreira de fondo que comeza tarde

A profesión é unha carreira de fondo, que rexistra autoras e autores cunha "ampla traxectoria", a maioría pasa dos 20 anos dedicándose á escrita. Vencellado a isto, aparece un colectivo "prolífico", cunha media de 17 obras. O ritmo de publicación dos últimos anos é relativamente elevado: nos tres máis recentes temos obras de case oito de cada dez autoras e autores (78%). Ademais, na última década a media de libros asinados por mulleres